

Fonética

Xosé Luis REGUEIRA (Coord.); Francisco DUBERT GARCÍA, Ramón NOVO FOLGUEIRA, Edelmira PARGA VALIÑA, Xulio C. SOUSA FERNÁNDEZ, *Os sons da lingua*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1999. [libro + 2 CD].

Idiomas como o alemán contan cun tratado como o de Siebs (*Deutsche Hochsprache. Bühnenaussprache*) á hora de orientar unha pronuncia coidada en actores de teatro, presentadores de radio e televisión ou mesmo estudantes de fioloxía. Unha función similar, aínda que máis restrinxida, cumpre no inglés británico a *Received Pronunciation (RP)*. En galega, aínda que existen métodos de lingua con apoio de gravacións (*Edigal*) e recuperacións en cinta magnetofónica de etnotextos de pertinencia dialectolóxica (*A Nosa falu*) que constitúen referencias válidas de correcto galega oral, botábase en falta unha monografía coas características da que hoxe presentamos.

Este breve manual nace co ánimo de deseñar nos seus trazos fundamentais un modelo fonético para o estándar que oriente a pronuncia daqueles talentos que non tiveron o galego como lingua inicial. Non se trata dunha *normativa* fonética (p. 11), nin dunha prescrición restrictiva en materia de pronuncia. Os autores, un grupo de docentes universitarios coordinados por X. L. Regueira, ós que se uniu un lingüista da Televisión de Galicia, limítanse a bosquexar un padrón de realización oral autenticamente galego que resolva as dificultades máis comúns entre aqueles que carecen del. Para tal fin, lonxe de pronunciarse de maneira rixida, os autores limítense a presentar de xeito elemental pero riguroso unha pronuncia enxebre, que non exclúe outras posibilidades propias e características do galega como incorrectas senón que aspira unicamente a auxiliar ós que conservan a do castelán cando falan galego. O estudo de cada son, que inclúe a súa descrición e un gráfico articulatorio, acompáñase de exemplos gravados que o estudante poderá repetir para mellorar a súa fonética. A obra

adica tres unidades ás vocais, cinco ás consoantes e unha á entoación, acompañadas de cadansúa batería de exemplos. Ó final do libro, ofrécense as solucións. A publicación complétase con dous CDs coas gravacións das prácticas e dos exercicios.

En resumo, brevidade, rigor e funcionalidade caracterizan esta obriña que aspira a ser efectiva na consecución dun galego digno e auténtico por parte daqueles falantes que non conseguiron aínda adquirir unha fonética galega que substitúa a súa orixinal —normalmente a castelá— nas súas actuacións orais, públicas ou privadas. Por outra banda, a publicación constitúe unha adecuada (aínda que moi concisa) síntese de fonética galega recomendable non unicamente para o estudio ou a docencia do galego como segunda lingua senón para o público interesado en xeral, incluídos os falantes naturais, que sen dúbida descubrirán contidos interesantes que melloren a súa propia conciencia da lingua e fagan máis efectivas as súas persoais reflexións metalingüísticasxeral.

Serafín ALONSO PINTOS